

PLAN DE ORIENTACIÓN

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
IES AS TELLEIRAS (NARÓN)**

CURSO 2023-24

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1 MARCO TEÓRICO

1.2. MARCO LEGAL

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. ENSINANZAS IMPARTIDAS NO CENTRO

2.2 ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3. OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4. LIÑAS PRIORITARIAS E PLANIFICACIÓN XERAL

4.1. LIÑAS PRIORITARIAS

4.2. PLANIFICACIÓN XERAL

5. ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

5.1. METODOLOXÍA

5.2. RECURSOS

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

1.- INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO TEÓRICO

O Departamento de Orientación elabora o seguinte plan coa finalidade de clarificar as súas funcións e tarefas e organizar así o seu traballo dentro do contexto institucional do centro, en base ao Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de Xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, para a elaboración do actual **Plan de Orientación do curso 2023-24** de xeito contextualizado, tomáronse como referencia as propostas de mellora e os aspectos recollidos na memoria do Departamento de Orientación do curso 2022-23.

O Plan anual do Departamento de Orientación abarca todas as etapas e niveis educativos impartidos no centro, pois entendemos a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa e abrangue a toda a poboación escolar. Pretendemos organizar e estruturar de forma sistemática as medidas e respostas que queremos tomar ante unha serie de aspectos relativos aos procesos de ensino-aprendizaxe, ao desenvolvemento persoal e á toma de decisións, que consideramos básicos de cara á formación do noso alumnado para a súa inserción na sociedade.

Partimos dos seguintes principios na elaboración do Plan de Orientación:

- Estará baseado na análise da realidade do contorno e do centro, así como na avaliación e priorización das necesidades da comunidade educativa.
- Procuraremos contemplar accións que desenvolvan a actividade orientadora en todas as etapas e niveis educativos que se imparten no centro, favorecendo o principio de continuidade da orientación na escolarización do alumnado.
- Concíbese como un plan de acción, destacando a necesidade de relación entre o plan e o seu desenvolvemento práctico no centro educativo e nas aulas.
- Pretendemos que sexa un proxecto de cambio e de mellora.
- O Plan non é un proxecto rematado, irase construíndo e revisando continuamente en base ás necesidades xurdidas, será unha guía en contínua revisión.
- A orientación como formulación sistémica de intervención, tarefa cooperativa e proceso de responsabilidade compartida polo equipo docente, coordinada polo titor/a, supervisada pola xefatura de estudos e asistida pola orientadora e polos servicios de apoio externos.

No Departamento de Orientación, entendemos a orientación como un proceso de análise e tratamento das situacións educativas dende unha perspectiva de colaboración e axuda sistemática á comunidade educativa. Esta comunidade educativa formada polo equipo directivo, profesorado, alumnado, familias e persoal de administración e servizos, conforma un sistema no que as relacións que existen entre os seus membros influirán en todos eles, e as actuacións de cada un deles repercutirá nos demais e en sí mesmo. Non se poden, pois, concebir ailladamente as accións e consecuencias das mesmas, senón que, é necesario coordinar as actuacións de todos e asumir as responsabilidades que cada un/unha de nós temos como parte do sistema educativo.

Debemos ter en conta que a finalidade da orientación é a mesma que a do ensino en xeral, isto é, o pleno desenvolvemento do alumnado en tódolos aspectos da súa personalidade, consiste en promover e facilitar o desenvolvemento persoal, educativo e profesional do alumnado. A orientación é, polo tanto, un proceso incardinado na educación que vai dirixido a todos/as os/as participantes da comunidade educativa.

Dende este marco, se xustifica o **Modelo de Programas** que propoñemos e que ***debe partir das necesidades do propio centro educativo, e estar fundamentado nos principios de prevención, desenvolvemento e intervención social.***

No noso modelo de orientación, temos como obxectivo a realización de propostas educativas adaptadas ás necesidades dos distintos elementos que conforman a comunidade escolar, para desenvolver dun xeito colaborativo e compartido entre todo o profesorado, equipo directivo e familias. Entendemos a orientación educativa como un contínuo que comenza coa escolarización do alumno/a e que inclúe a toda a poboación escolar á marxe da diversidade que presente, e como un proceso global e unitario que integra aspectos do desenvolvemento persoal e social, dos procesos de ensino-aprendizaxe e da toma de decisións; no que a finalidade básica é acadar o desenvolvemento integral da persoa.

A **orientación educativa desenvólvese nos tres niveis** que a estruturan:

- **Na aula, coa acción tutorial.**
- **No centro, co Departamento de Orientación.**
- **A través dos servizos externos, cos Equipos de Orientación Específicos.**

1.2. MARCO LEGAL

Na Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta as etapas educativas do IES, o desenvolvemento da orientación educativa ven regulada a través do seguinte marco legal:

- LEI ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE).
- DECRETO 324/ 1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. Orde de 1/8/1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do decreto. Orde do 28/6/2010 que modifica a Orde 1/8/1997.
- DECRETO 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE 24 de xullo de 1998 que establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- CIRCULAR 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa en Galicia.
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio
- CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 8 de setembro de 2021 (DOG do 10 de febreiro de 2022).
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 13 de febreiro de 2023, pola que se establece o currículo das materias optativas de bacharelato e se regula a súa oferta.

- **No curso académico actual 2023-24, se establece o seguinte marco lexislativo:**
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso 2023-24.
- Con respecto ao desenvolvemento da LOMLOE e o seu calendario de implantación:
 - No curso 2023-24 se implantará o novo currículo en 2º e 4º ESO e en 2º de Bacharelato.
 - Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*
 - DECRETO 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*
 - Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - DECRETO 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 9 de agosto de 2023, pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.
 - Orde do 9 de agosto de 2023, pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O IES As Telleiras é un centro educativo de titularidade pública situado no Concello de Narón, que forma parte da comarca de Ferrolterra, sendo a principal área de expansión urbana, ten ademais do núcleo urbán, unha importante zona rural, onde a división é por parroquias, sendo as máis populosas: A Gándara, A Solaina, Piñeiros, Santa Icíá e Freixeiro.

A súa densidade de poboación o converte nun dos principais concellos de Galicia. As consecuencias desta situación son a existencia dun aumento da poboación, e unha dispersión da mesma nos diferentes núcleos que conforman as distintas parroquias.

Na actualidade existen tres centros públicos de ensino secundario no concello: o CPI O Feal con ensinanzas de Primaria e de ESO, o IES Terra de Trasancos coas ensinanzas de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos e o IES As Telleiras con ensinanzas de ESO e Bacharelato.

2.1. ENSINANZAS IMPARTIDAS NO CENTRO

No curso académico 2023-24, no centro impártense as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, tal e como se sinala a continuación:

- **Educación Secundaria Obrigatoria (ESO):**
 - 1º de Educación Secundaria Obrigatoria (4 grupos).
 - 2º de Educación Secundaria Obrigatoria (3 grupos).
 - 3º de Educación Secundaria Obrigatoria (3 grupos).
 - 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (3 grupos + 1 PDC).
- **Bacharelato:modalidade de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.**
 - 1º de Bacharelato - (4 grupos).
 - 2º de Bacharelato - (4 grupos).

2.2. ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación para o curso 2023-24 estará composto por:

- **Xefa do Departamento:** Saínza Bonome Carballés.
- **Profesora de Pedagogía Terapéutica:** Andrea Fraga Fernández.
- **Profesora de Pedagogía Terapéutica:** María Alicia Arza López.
- **Profesor do ámbito científico-tecnolóxico:** *pendente de asignación.*
- **Profesora do ámbito lingüístico-social:** *pendente de asignación.*

Na Orde do 24/7/1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa, regulada polo Decreto 120/1998, indícase que **“os departamentos de orientación deberán constituír, dentro de cada centro, o garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ao profesorado, alumnado e ás familias.”** Sendo así, faise necesario que o Departamento de Orientación sexa un elemento aberto e integrador no centro e coa comunidade educativa. As súas intervencións deberán estar integradas no proceso educativo xeral e no marco curricular.

Na planificación xeral do centro contémpanse as seguintes medidas organizativas:

- **Reunións do Departamento Orientación.** A *Orde do 4/6/2012 establece que* as reunións dos departamentos faranse como mínimo unha vez ao mes, logo da convocatoria da xefatura do departamento, terán o mesmo carácter que as do claustro de profesores e computaranse dentro das sete horas complementarias non fixas, dentro do horario do cómputo mensual.
- **Reunións semanais cos titores/as da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO):**
 - Reunión cos titores/as de 1º e 2º ESO (venres de 11:20 a 12:10).
 - Reunión cos titores/as de 3º e 4º ESO (mércores de 12:30 a 13:20).
- **Reunións non fixas cos titores/as** de Bacharelato.
- **Atención a pais/nais:** queda fixada a titoría de pais/nais os martes de 12:30 a 13:20 e/ou atención da forma máis inmediata posible en canto o soliciten.
- **Atención ao alumnado:** a atención será preferente nos recreos.

Desde o curso 2021-22, o Departamento de Orientación atópase compartido con Vicedirección e aula de convivencia, e coa AMPA desde 2022-33. Entendemos que dito emplazamento no é o axeitado para desenvolver a tarefa orientadora, sendo necesario valorar un espazo acorde e digno para ubicalo no centro.

3.- OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e das alumnas do centro e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfrontar os momentos escolares máis decisivos como o ingreso no centro, o cambio de etapa, a elección de itinerarios formativos, a transición á vida profesional, asesorándolles na toma de decisións e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servicios ou institucións sociais.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

► NO ÁMBITO DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

- Elaborar a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PAD).
- Asesorar ao equipo directivo, departamentos didácticos e ao profesorado sobre as diversas medidas de atención á diversidade para poder atender ao alumnado.
- Colaborar cos equipos docentes na avaliación inicial do alumnado e no establecemento de medidas educativas adaptadas ás necesidades detectadas.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte a diversidade do alumnado.
- Apoiar o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades e características de cada alumno/a, dun pequeno grupo ou da clase.
- Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que se potencie o desenvolvemento de actividades que favorezan a aprendizaxe significativa.
- Asesorar no desenvolvemento das sesións de avaliación.
- Promover actividades que impliquen a cooperación entre o centro e as familias.
- Colaborar e coordinarse cos diferentes servicios e institucións sociais.

► **NO ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL:**

- Presentar a proposta de actividades do Plan de Acción Titorial (PAT).
- Colaborar na análise dos expedientes e recollida de información sobre o alumnado de nova incorporación e do alumno que presentan necesidade específica de apoio educativo.
- Colaborar na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción titorial, ofrecendo asesoramento e proporcionando materiais e propostas de actividades.
- Asesorar no desenvolvemento de actuacións dirixidas á resolución de conflitos e a mellorar as relacións sociais e convivencia nas aulas e no centro.
- Potenciar e coordinar a participación en programas destinados á prevención da violencia de xénero, de educación para a saúde, de educación afectivo-sexual,...
- Asesorar nas reunións e relacións coas familias, de xeito individual e colectivo para que participen activamente no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Promover actividades que impliquen ás familias e á comunidade educativa.

► **NO ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:**

- Presentación das actividades do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre as diversas etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- Colaborar cos departamentos didácticos, equipos docentes e titores/as na incorporación ao currículo de aspectos relativos á orientación académica e vocacional.
- Asesorar sobre as ofertas do sistema educativo e do mundo laboral á comunidade educativa en xeral que o demande e especialmente ao alumnado.
- Orientar e asesorar ao alumnado sobre as posibilidades académicas, así como sobre as ofertas educativas do seu contorno, no momento de finalización dunha etapa educativa (ESO e Bacharelato); con especial atención ao alumnado con necesidades específicas.
- Promover a realización de actividades de información e orientación nas que participen persoas e profesionais externos ao centro.
- Actualización do blog de orientación do IES, visible na páxina web do centro a disposición de toda a comunidade educativa, onde se recollerá toda a información de interese referida a orientación académica e profesional.

4.- LIÑAS PRIORITARIAS E PLANIFICACIÓN XERAL

4.1. LIÑAS PRIORITARIAS

Para o presente curso escolar 2023-24, atendendo ás características do noso centro, e tendo en conta as propostas de mellora recollidas na memoria do curso 2022-23, consideramos prioritaria desenvolver as seguintes actuacións:

- ▶ Asesorar ao profesorado sobre as medidas de atención á diversidade, favorecendo a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares para atender á diversidade do alumnado e optimizando as medidas de apoio atendendo á priorización de necesidades e aos recursos dispoñibles.

- ▶ Actualizar o Plan Xeral de atención á Diversidade (PAD) segundo a normativa vixente.

- ▶ Revisar o Plan de Acción Titorial (PAT) e actualizalo, colaborando co profesorado titor no desenvolvemento das actividades contempladas no plan.

- ▶ Prestar especial atención á orientación vocacional e profesional do alumnado para favorecer o proceso de toma de decisións. Planificar actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas. Asesorar ao alumnado obre as posibilidades que ofrece o sistema formativo, prestando especial atención aos momentos de transición académica, guíando nos diversos itinerarios formativos e facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado.

4.2. PLANIFICACIÓN XERAL

No cumprimento das funcións que o Departamento de Orientación ten encomendadas na lexislación vixente, elabórase o Plan Anual de Orientación, en torno aos seguintes ámbitos de actuación:

- **Ámbito de apoio ao proceso ensino – aprendizaxe.**
- **Ámbito de acción tutorial.**
- **Ámbito de orientación académica e profesional.**

As accións prioritarias establecidas neste Plan de Orientación para o curso 2023-24 desenvolveranse mediante tres ámbitos de actuación claramente interrelacionados:

- **Ámbito de apoio ao proceso ensinanza – aprendizaxe:** fai referencia tanto ao apoio no relativo ás medidas educativas preventivas, ordinarias e as extraordinarias.
- **Ámbito de acción tutorial:** ten como finalidade favorecer o seguemento do proceso de ensino-aprendizaxe de cada alumno/a e do grupo, e a súa inclusión e participación na dinámica do centro.
- **Ámbito de orientación académica e profesional:** fai referencia á organización e desenvolvemento da orientación vocacional do alumnado, para axudarlle nos procesos de toma de decisións.

As accións e actividades a desenvolver nestes tres ámbitos dirixiránse a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) ,así como a todos os niveis educativos que se imparten no IES e en coordinación cos axentes sociais externos ao centro.

ÁMBITO DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

O Departamento de Orientación presta apoio ao proceso de E-A mediante diversas actuacións:

→ **INTERVENCIÓN XERAL** : análise dos documentos de centro e da revisión da información do alumnado, a fin de determinar as necesidades educativas e propoñer as actuacións máis axeitadas. Unha vez detectadas as necesidades, este departamento colaborará cos distintos axentes da comunidade educativa para establecer as intervencións pedagóxicas e organizativas máis idóneas, facilitándolle aos docentes estratexias e recursos para atender á diversidade, así como asesoramento e apoio ao alumnado, familias e profesorado ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional ou social que puidesen interferir no proceso de ensino – aprendizaxe.

→ **ACOLLIDA DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS** : neste curso académico a sesión de acollida ao alumnado realízase na día de inicio de curso, sendo recibidos polo profesorado titor, que lles facilita o horario semanal e da información sobre os aspectos organizativos do centro. Prestase especial atención ao alumnado de 1º ESO, por ser de nova incorporación no centro. Unha vez iniciado o curso ten lugar a recepción das familias do alumnado, trátase dunha reunión específica de cada titor/a coas familias do seu grupo-clase, na cal se lles informará sobre aspectos relativos ao desenvolvemento do curso escolar e funcionamento do centro.

→ **AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO**: ao inicio do curso realizaranse unha serie de probas para obter unha información que permita establecer o nivel de partida do alumnado e previr posibles dificultades de aprendizaxe, como: probas para determinar o nivel de dominio dos contidos mínimos nas áreas, enquisa individualizada de titoría do alumnos sobre aspectos académicos xerais, de relación social e educativos . Esta información permitirá realizar a avaliación inicial de cada un dos grupos de ESO e BAC dun xeito estruturado, riguroso e determinar as medidas e os apoios que sexan necesarios co alumnado.

→ **APOIO AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO**: o profesorado especialista de pedagogía terapéutica presta atención docente ao alumnado con NEAE, polo que se establecen os seguintes criterios e prioridades para a súa atención:

- Terá prioridade a atención o alumnado con NEAE e Adaptación Curricular Significativa (ACS).
- Terá prioridade a atención dos cursos inferiores comezando por 1º de ESO.
- Terá prioridade o apoio nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas) sobre o resto de áreas.

ÁMBITO DE ACCIÓN TITORIAL

O Departamento de Orientación prestará apoio na acción titorial dos seguintes xeitos:

- Asesorando e aportando material para o proceso de acollida ao alumnado e familias.
- Asesorando e colaborando na avaliación inicial do alumnado.
- Asesorando e facilitando material nas sesións de titoría presencial co alumnado na aula.
- Aportando recursos para o traballo de titoría: fichas de seguimento do alumnado, de apoio nas entrevistas coas familias, fichas con actividades ou enquisas para o alumnado.
- Promovendo a coordinación do profesorado en colaboración coa Xefatura de Estudos.
- Coordinando a acción titorial con reunións semanais con todos os titores e todas as titoras dos diferentes grupos de educación secundaria obrigatoria. Tendo en conta a operatividade das reunións (tanto polo número de persoas que se reunirán, como pola problemática específica do alumnado), faranse dúas reunións, unha para os titores e titoras de 1º e 2º de E.S.O. e outra para os de 3º e 4º de E.S.O. As reunións dos titores/as da ESO realizaránse neste curso 2023-24 na biblioteca e terán como obxectivo fundamental o de unificar as actuacións na sesión presencial grupais de titoría e a aportación de material a aplicar. Dita sesión non está contemplada no Bacharelato, polo que potenciaremos a coordinación cos titores/as de Bacharelato para poder planificar máis axeitadamente a nosa intervención nesta etapa.

As actividades da sesión de titoría cos alumnos/as na aula e demais temas relacionados coa acción titorial guiaránse polos seguintes obxectivos:

- Intervir na dinámica grupal para conseguir un contorno social agradable para cada membro do grupo e como conxunto.
- Propiciar a adopción de valores grupais que favorezan a cohesión funcional do grupo (diálogo, respecto, colaboración, tolerancia, valoración positiva, convivencia, ...)
- Animar ao alumnado a participar na dinámica do centro (tanto a nivel individual e grupal como a través dos órganos de representación).
- Proporcionar material de Titorías para traballar nas aulas.

ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

O IES “As Telleiras” é un centro educativo coas etapas de ESO e Bacharelato, o que fai reconducir a orientación académica e profesional do alumnado matriculado na ESO e no Bacharelato preferentemente ao ámbito da orientación académica, é dicir, aos diferentes estudos que poden realizar ao remate da súa estada no instituto, como son os ciclos formativos de grao medio e superior e os estudos universitarios.

A orientación vocacional terá dúas liñas básicas de actuación:

→ ORIENTACIÓN VOCACIONAL GRUPAL

- Guías informativas sobre orientación vocacional e posibilidades ao finalizar os estudos, para os diferentes grupos, priorizando os cursos terminais (4º ESO e 2º de Bacharelato).
- Charlas informativas nos diferentes grupos sobre orientación vocacional: aproveitando a existencia dunha hora de titoría presencial nos grupos da ESO, utilizarase para dar información académica aos alumnos/as. En Bacharelato planificaranse en coordinación coa xefatura de estudos e cos titores/as dos grupos.
- Páxinas web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/> no apartado do departamento de orientación con enlaces á páxinas con información de interese para a comunidade educativa e actualización do blog de orientación do IES: <https://elorienta.com/telleiras>
- Paneis informativos: actualización do panel de información de orientación vocacional.
- Información das Universidades públicas galegas.

→ ORIENTACIÓN VOCACIONAL INDIVIDUALIZADA

Para a o asesoramento individualizado tanto por demanda do propio alumnado, dos titores e titoras ou das familias establecerase un horario específico que poderá variar ao longo do curso, sendo preferente a atención ao alumnado nos recreos e tendo en conta que a maior demanda prodúcese no segundo e terceiro trimestre.

5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

5.1. METODOLOXÍA

O modelo de intervención do Departamento de Orientación intentará introducir de forma progresiva un modelo ou **enfoque de intervención a través de programas**. O profesorado en xeral, e os titores e titoras en especial, serán os principais axentes da intervención co alumnado e as familias a nivel individual e grupal, contando en todo momento do proceso educativo co asesoramento psicopedagóxico e o soporte técnico do departamento de orientación do IES.

A organización da intervención e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, plamarase tamén no plan de atención á diversidade coa súa concreción anual, e realizarase fundamentalmente a través das reunións dos equipos docentes de grupo e nas reunións de coordinación cos titores/as.

Os plans acción titorial e de orientación académica e profesional deseñaranse segundo as instrucións recollidas na lexislación vixente, as directrices da CCP e as propostas que os titores/as fan nas reunións; tendo como referencia os seguintes criterios:

- Que respondan ás finalidades do actual sistema educativo.
- Que se adapten ás características e necesidades do alumnado e do centro.
- Que sexan flexibles e abertos a tódalas posibles modificacións que a práctica educativa e as circunstancias aconsellen.

No Departamento de Orientación contamos cos seguinte recursos dixitais:

- Correo electrónico corporativo (@edu.xunta.gal / @telleiras.org)
- Blog de Orientación <https://elorienta.com/telleiras>
- Páxinas web do IES: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/>

5.2. RECURSOS

Os recursos para o desenvolvemento do Plan Anual do Departamento de Orientación serán principalmente os seguintes:

→ Recursos materiais:

- Materiais psicopedagóxicos: probas estandarizadas, protocolos, cuestionarios,...
- Documentos do centro: memoria do Plan de Orientación do curso anterior, plan de convivencia, normas de organización e funcionamento, actas da Comisión de Coordinación Pedagóxica,...
- Documentos propios do Departamento de Orientación: actas da reunión do departamento, documentos de reforzo educativo, modelo de informe psicopedagóxico, lexislación, informes,...
- Os Programas de intervención a desenvolver polo Departamento de Orientación na acción tutorial e na orientación académica e profesional (programa de acollida, programa de técnicas de estudo, programa de habilidades sociais, programa de orientación vocacional) e outras materias referidos á prevención de drogodependencias, educación afectivo-sexual, novas tecnoloxías,...
- Material elaborado para as distintas actividades: fichas, cuestionarios,...
- Páxinas web do IES: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/>
- Blog de orientación: <https://elorienta.com/telleiras>

→ Recursos organizativos:

- Reunión dos membros do departamento de orientación.
- Reunións coa xefatura de estudos, co profesorado titor e co equipo docente.
- Sesións de avaliación.
- Horario de atención ao alumnado e ás familias.

→ Recursos humanos:

- Os membros do Departamento de Orientación.
- Titores/as e profesorado.
- Equipo de Orientación Específico.
- Outras institucións: servizos sociais, asociacións, universidades,...

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do Plan de Orientación terá diferentes momentos, que serán:

- AVALIACIÓN INICIAL: ao inicio do curso, que nos permitirá coñecer a situación da que partimos e o contexto no que traballaremos. Analizaremos as necesidades da comunidade educativa e do centro, o funcionamento do Departamento de Orientación e os destinatarios aos cales nos diriximos.
- AVALIACIÓN CONTÍNUA E FORMATIVA: durante o curso, co que poderemos introducir as modificacións necesarias para mellorar as nosas actuacións e dar resposta as novas necesidades detectadas.
- AVALIACIÓN FINAL: ao final do curso, valoraremos o proceso seguido e proporemos melloras de cara ó próximo ano. Recolleranse as conclusións na memoria final.

A avaliación terá en todo caso un carácter formativo utilizando fundamentalmente instrumentos de análise cualitativos (reunións, entrevistas, observacións). Intentaremos acadar unha visión global do proceso seguido para axustalo e melloralo.

O seguemento e avaliación do plan de orientación realizarase a través das reunións periódicas que se contemplan na medidas organizativas (reunións de departamento, de titores/as) e nas diversas reunións que sobre a orientación se realicen ao longo do curso.

As modificacións introducidas e a valoración global do grao de consecución dos obxectivos propostos e das actividades realizadas reflectiranse na memoria final, así como as propostas de mellora que, de selo caso, se considere oportuno incorporar no plan de orientación do próximo curso académico.

En Narón, a 20 de Setembro de 2023

Asdo. Saínza Bonome Carballés
Xefa do Departamento de Orientación